

# **PROPOSTA DA COAP PARA INFORMAR DOS RECURSOS SOBRE RESOLUCIÓN REITORAL DA AVALIACIÓN CURRICULAR QUE ESTABLECE O ARTIGO 6.6 NA NORMATIVA DE PERMANENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Aprobada na COAP de 26 Xaneiro de 2005 e no Consello de Goberno de 09 de maio de 2005.

Para informar ó Consello de Goberno dos recursos que se presentan á Resolución Reitoral ditada sobre a decisión da Comisión de Avaliación dos centros, segundo se establece na normativa de avaliación curricular da Universidade de Vigo (artigo 6.6 da Normativa de Permanencia), a COAP acorda establecer o seguinte criterio:

Considerar para o informe as seguintes situacións da materia-alumno:

- 1) Que non teña outra materia coa calificación de "APTO POR COMPENSACIÓN"
- 2) Que a nota media do seu expediente académico (segundo DOGA 23 de marzo 2005) sexa igual ou superior á nota media da súa titulación nos últimos 3 cursos académicos.

Cando se dean tódalas situacións anteriores, o informe da COAP será de admisión do recurso e modificación da Resolución Reitoral. No caso contario, cando non se dea algunha das situacións anteriores, manterase a Resolución Reitoral.

## Procesos que se deben seguir:

- Informe ao Servizo de alumnado.
- Informe á Asesoría Xurídica e Tribunal de Garantías.
- Consello de Goberno

## PROPOSTA DA COAP PARA INFORMAR SOBRE RECURSOS NO PROCESO DE ADMISIÓN A TRÁMITE DE SOLICITUDE DE AVALIACIÓN CURRICULAR

Aprobada na COAP de 26 Xaneiro de 2005 e no Consello de Goberno de 27 de xaneiro de 2005.

Para informar ó Consello de Goberno sobre os recursos que se presentan sobre a denegación de admisión a trámite das solicitudes de Avaliación curricular ante as Xuntas de Centro, segundo se establece na normativa de avaliación curricular da Universidade de Vigo (artigo 6.3 da Normativa de Permanencia), a COAP acorda establecer o seguinte criterio:

Considerar como criterios para o informe a **maior calificación** que obtivese o estudante e a relación de **Aprobados/Matriculados** extraídas do *informe sobre fracaso/éxito escolar existente - 19998/99- 2002/03* da materia obxecto da solicitude.

Definir para a materia unhas calificacións denominadas **Notas de Corte** que reflectan a dificultade para a superación da materia. As **Notas de Corte** quedan establecidas por:

- Unha materia cunha relación **Apr/Matr** igual ou superior ó valor de 0,5 considerase una materia cunha dificultade normal, e a súa superación non debería presentar excesivos problemas. Por iso, para o valor **Apr/Matr** igual o superior a **0,5** correspóndelle unha **Nota de Corte** de **4**.
- Polo contrario unha materia con valor **Apr/Matr** igual o inferior a 0,2 considérase una materia cun elevado grao de dificultade, e en consecuencia, para o valor **Apr/Matr** igual ou inferior a **0,2** correspóndelle a **Nota de Corte** de **2**,
- Os valores restantes defínense pola recta

$$Nota de Corte = 2 + \frac{2 \cdot ((Apr / Matr) - 0,2)}{0,3}$$

Cando a mellor **Calificación** do alumno sexa igual ou superior á **Nota de Corte** o informe será **favorable** para a súa admisión a trámite, e **desfavorable** no caso contrario.

No importante

## **AMPLIACIÓN DE PROPOSTA DA COAP PARA INFORMAR SOBRE RECURSOS NO PROCESO DE ADMISIÓN A TRÁMITE DE SOLICITUDE DE AVALIACIÓN CURRICULAR**

Aprobada na COAP de 26 Xaneiro de 2005 e no Consello de Goberno de 09 de maio de 2005.

**Situacións non contempladas na proposta do 26 de Xaneiro de 2005:**

### **Ausencia de calificacións da materia:**

- A) O alumno non se matriculou nos últimos tres cursos académicos.
- B) O Centro non dispón de calificación da materia, aínda que no expediente do alumno aparece calificado como "suspense" nalguna das convocatorias dos tres últimos cursos académicos.

### **Propostas para informar a admisión a trámite:**

- A) No artigo 6.1-segundo párrafo- da Normativa de Permanencia establécese "... débense manter baixo custodia, ata a súa superación, as probas que sustenten a calificación de suspense na materia polo menos tres cursos académicos". Neste caso, a ausencia de calificación débese considerar como un resultado "claramente deficiente" do resultado das probas ou exame (artigo 6.3- segundo párrafo). Polo tanto, débese considerar a non admisión a trámite.
- B) No artigo 6.1-segundo párrafo- da Normativa de Permanencia establécese "... débense manter baixo custodia, ata a súa superación, as probas que sustenten a calificación de suspense na materia polo menos tres cursos académicos". Polo tanto, neste caso a ausencia de calificación atópase nun incumprimento do previsto na normativa e débese considerar a admisión a trámite.

### **Procesos que se deben seguir:**

- Informar ao Servizo de Alumnado e Tribunal de Garantías